

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 9, así como do establecemento e imposición da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2019 e seguintes a modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros, así como aprobar provisionalmente para o exercicio 2019 e seguintes o establecemento e imposición da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais.

A modificación da ordenanza fiscal nº 9, así como a nova ordenanza non fiscal, comezarán a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas modificadas durante o prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición da ordenanza fiscal nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos nos artigos 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, para a ordenanza fiscal e do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, para a ordenanza non fiscal, poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada e o texto da nova ordenanza non fiscal.

Cambre, 30 de outubro de 2018

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2018/8167